



--

EXPTE.:

/ 77

“AXUDAS PARA O FOMENTO DO EMPRENDEMENTO E A CONSOLIDACIÓN EMPRESARIAL A TRAVÉS DO TRABALLO COLABORATIVO 2020”

ANEXO I. SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE	
NOME/RAZÓN SOCIAL:	NIF:
REPRESENTANTE:	NIF:
ENDEREZO SOCIAL:	T _{FNO.} :
LOCALIDADE:	C.P.:
PERSOA DE CONTACTO:	T _{FNO.} :

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
ENDEREZO:	
LOCALIDADE:	C.P.:

DATOS DE CONTACTO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA. CAMPOS OBRIGATORIOS PARA TRAMITAR A SOLICITUDE DOS SUXEITOS OBRIGADOS POLO ART. 14.2 LPAC E POR QUEN/ES VOLUNTARIAMENTE OPTE/N POLA TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA:
CORREO ELECTRÓNICO:
TELÉFONO MÓBIL:

EXPOÑO:

Que coñezo as bases reguladoras da convocatoria do 2020 de subvencións para o fomento do emprendemento e a consolidación empresarial a través do traballo colaborativo e, a tal efecto,

DECLARO:

Que **REÚNO** os requisitos esixidos para concorrer á presente convocatoria e **ACEPTO** (agás oposición expresa á consulta dos datos indicados ao dorso deste Anexo I) as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e pola Comisión de Valoración e Seguimento para a tramitación do presente procedemento dacordo co disposto nas bases da convocatoria.

DATOS BANCARIOS*	
TITULAR DA CONTA:	NIF
BANCO:	
NÚMERO DE CONTA (24 DÍXITOS): ES	

* De non cumprimentar o cadro dos datos bancarios, achegarase certificación bancaria da titularidade da conta.

SOLICITO:

A concesión da/s correspondente/s axuda/s para¹:

	<u>Importe total</u>	<u>Axuda solicitada 80%¹</u>
• Custes de aluguer de espazos de traballo	_____ €	_____ €
• Custes de aluguer de espazos para a realización de eventos empresariais.	_____ €	_____ €
• TOTAL	_____ €	_____ €

Vigo, de de 2020
€.

¹ O 80% do importe total do aluguer, cun máximo de **1.500,00**

(Sinatura do/a solicitante ou persoa que o representa)*

*Lembre que para a tramitación electrónica da presente solicitude, deberá asinar electronicamente este formulario antes de achegalo a través da sede electrónica.



ANEXO I. DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR COA SOLICITUDE (BASE 9ª)

- Contrato de aluguer entre o solicitante e o centro de coworking.
- Vida Laboral individual do/a solicitante e das persoas empregadas.
- Alta no IAE da entidade ou empresario/a individual que solicita a axuda ou documento equivalente.
- Documentación acreditativa do enderezo fiscal (tarxeta de identificación fiscal,...).
- Alta no réxime da Seguridade Social ou certificado da mutualidade do colexio profesional correspondente das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- No caso de que no contrato de aluguer non figure claramente o centro de coworking como tal, deberase presentar evidencias de que se trata realmente dun centro de coworking (por exemplo, declaración responsable asinada pola empresa de aluguer de que se trata dun centro de coworking).
- Facturas dos custes de aluguer de xaneiro e febreiro deste ano. No caso de iniciarse a actividade neste ano 2020 será suficiente co contrato, sempre e cando indique o custe de aluguer mensual.
- No caso de incluír como custes subvencionables os dalgún evento a realizar no centro de coworking, achegarse orzamento do devandito evento asinado pola empresa de coworking.
- Anexo II: Declaración responsable asinada de cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.
- Anexo III: Declaración responsable asinada das axudas solicitadas e/ou concedidas.
- Anexo IV: Declaración responsable asinada do número de persoas empregadas, con indicación de se son menores de 30 anos.
- Anexo V: Declaración responsable asinada da condición de micropeme (só no caso de persoas xurídicas a efectos de facturación e de número de persoas empregadas).
- Se o solicitante é persoa xurídica: xuntarse á solicitude unha copia do documento de constitución da empresa rexistrado no Rexistro público correspondente e unha copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade por parte de quen asina a solicitude.

Os documentos que se indican a continuación serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia do documento acreditativo.

Opóñome á consulta:

- NIF da entidade solicitante
- DNI ou NIE da persoa solicitante
- DNI ou NIE da persoa representante
- Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA)
- Verificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social (TXSS)
- Verificación de estar ao día das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo

No caso de que o solicitante se opoña expresamente, terá que achegar o **documento de identidade** correspondente e/ou as **Certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social**, vixentes de conformidade co art. 23.3 RLXS, de xeito que, de ter presentados os certificados requiridos no Concello de Vigo cunha antigüidade inferior a seis meses, non será esixible a súa presentación, sempre que se indique o número de expediente no que obran.

- O/a solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados ou que obran en poder de calquera Administración. A administración actuante poderá consultar ou recabar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

- Os solicitantes obrigados polo art. 14.2 LPAC e aqueles que voluntariamente opten pola tramitación electrónica:

- achegarán copias electrónicas da documentación complementaria, responsabilizándose da veracidade dos documentos que presenten.
- os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse electronicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.

- Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos ou falte algún documento que segundo a base 9ª resulte esixible, requirirase á/s persoa/s interesada/s para que no prazo de 10 días subsane a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, arquivándose esta previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na LPAC.

- A documentación achegada deberá estar vixente e debidamente acreditada e os Anexos achegaranse debidamente cubertos con letra lexible, data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e asinados.

- No caso de dúbida sobre a documentación aportada será a Comisión de Valoración a que decida.

Os datos persoais facilitados neste procedemento (anexos I a VI), indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o procedemento correspondente a convocatoria do ano 2020.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos. A lexitimación do tratamento dos datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar na convocatoria.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

**CONCELLERÍA
DE
EMPREGO**

**CONCELLO
DE VIGO**



As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, a sí como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.